

EXPEDIENTE: Contrato de subministración: “Adquisición de mesas e bancos e vallas. Mobiliario urbano”. Plan único 2019.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

1. Introducción e xustificación da contratación

Redáctase a presente memoria para dar cumprimento ao previsto no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español das Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

O Concello de Foz, entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, de acordo co artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, mellorando a súa calidade de vida. En todo caso, exercerá como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, “(...); d) *infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade;*(...) i) *Feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante; (...)* l) *promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre; (...)*”.

De conformidade co artigo 28 e 116.4 da Lei de contratos do sector público (LCSP), a necesidade e idoneidade e eficiencia da realización deste contrato xustifícase para levar a cabo todas as actividades culturais, turísticas, deportivas e promocionais no Concello de Foz ao longo do ano, é preciso renovar as infraestruturas de mobiliario urbano, de cara a facilitar a comodidade e prestar un servizo de calidade ao cidadán, motivo polo que este ano se propón a adquisición de novos bancos e mesas, así como vallas de mobiliario urbano, có fin de mellorar a infraestrutura neste aspecto e facilitar a comodidade na realización de actividades, entre as que se destacan:

- Actividades de carácter cultural: feiras e teatros
- Actividades musicais, a través de concertos de música e actuacións da Banda de música municipal.
- Promoción turística do Concello de Foz.
- Potenciar todos os recursos e produtos turísticos cos que conta o noso Concello.
- Promover a oferta deportiva municipal.

O expediente está subvencionado pola Deputación provincial de Lugo por Resolución do 21.05.2019.

Por Decreto de alcaldía procedeuse á incoación do expediente de contratación da obra.

2. Obxecto do contrato

Constitúe o obxecto do contrato a subministración de **“Adquisición de mesas e bancos e**

vallas. Mobiliario urbano” segundo o prego de prescricións técnicas redactado por Ramón Rodríguez Paleo, cun orzamento de 18.640,62 € e 3.914,53 € de IVE.

3 . Análise do Procedemento e valor estimado

De conformidade co establecido no artigo 13 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español das Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, o presente contrato califícase como contrato de obras.

O valor estimado do contrato será de 18.640,62 € e 3.914,53 € euros de IVE, polo que se opta polo procedemento aberto simplificado. Xustifícase a súa utilización de conformidade co artigo 116.4 e 159.6 da LCSP polo prezo do contrato e que nos criterios de adjudicación non haberá ningún criterio avaliable mediante xuízo de valor, ou en todo caso non superará o 25% da puntuación total. Os criterios obxectivos e ponderados a ter en conta para adjudicar o contrato determinaranse e xustificaranse posteriormente.

4. Análise económico-financeiro.

A subministración contempladas no proxecto non presupón, en ningún caso, aumento algún dos gastos,a excepción da partida correspondente ao IVE, senón todo o contrario, os gastos anteriores son consecuencia da existencia da infraestrutura e as obras contempladas reducen substancialmente os gastos de mantemento.

Polo que, á vista do anterior enténdese que este investimento permite o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública do concello e do período de pago a provedores, non tendo consecuencias relevantes en canto aos seus efectos orzamentarios e económicos para os ingresos e gastos de exercicios futuros.

5.Conclusiones

Tipo de contrato: ADMINISTRATIVO	
Subtipo do contrato: SUBMINISTRACIÓN	
Obxecto do contrato: “Adquisición de mesas e bancos e vallas. Mobiliario Urbano”. Plan único 2019.	
Procedemento de contratación: ABERTO SIMPLIFICADO	Tipo de Tramitación: ORDINARIA
Códigos CPV: 34928200-0 Vallas 39112000-0 Sillas 39121200-8 Mesas	
Valor estimado do contrato: 18640,62 €	
Orzamento base de licitación IVE excluído: 18640,62 €	IVE% 21: 3914,53 €
Orzamento base de licitación IVE engadido: 22.555,15 €	
División en lotes: SI	
Observacións: EXCEPTUADO DE EMPREGO DE MEDIOS ELECTRÓNICOS	



CONFORME A DA 15ª LCSP a)

O alcalde

Francisco Cajoto Caserío

(Documento asinado dixitalmente)

